

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Convocatoria selección persoal para a contratación laboral temporal (dous peóns de obras públicas)

VEDRA

Convocatoria de selección de persoal laboral temporal, mediante oposición (proba práctica), de dous peóns de obras públicas para catro meses a xornada completa, para o concello de Vedra

ANUNCIO

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OPOSICIÓN (PROBA PRÁCTICA), DE DOUS PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS PARA CATRO MESES A XORNADA COMPLETA, PARA O CONCELLO DE VEDRA

Por resolución núm. 189/2024 de data 03 de abril de 2024, o alcalde-presidente do concello de Vedra, resolveu aprobar as bases e proceder á convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, mediante oposición (proba práctica), de dous peóns de obras públicas para catro meses a xornada completa, para o concello de Vedra.

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto a contratación do seguinte persoal:

- 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 4 meses.

As tarefas a realizar, en cada caso, polo persoal seleccionado serán as seguintes:

- Repintado de sinalización horizontal (pasos de peóns, vaos, zonas de aparcamento para persoas con discapacidade, stops, cedas,...).
- Acondicionamento e conservación de vías públicas (pavimentación e bacheo, colocación de badéns e bandas rugosas, construción de beirarrúas, rede de sumidoiros, tubaxe de pluviais, augas veciñais, de rego,...).
- Pequenas obras de ampliación de saneamento e abastecemento.
- Construción, conservación e mantemento de parques públicos.
- Pequenas obras de acometida e mantemento de alumeadado público.
- Atención de locais públicos.
- Aqueles que se lle encomenden relacionados co seu posto.

A xornada laboral é a **tempo completo** e axustarase ás necesidades do servizo.

BASE SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBER
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Habilitación: non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público. (Achégase declaración xurada a cubrir polo aspirante (Anexo III), que deberá presentar no momento de solicitude de participación no proceso selectivo).

- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

- e) **Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.**

BASE TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

As persoas aspirantes interesadas nos postos de traballo terán que presentar unha instancia (Anexo I), dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello de Vedra en horario de 9:00 a 13:00 horas de luns a venres ou por calquera das

formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo mediante e-mail na dirección de correo electrónico correo@concellodevedra.gal, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias) dentro do prazo de **dez días hábiles** a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP

Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañándoa da seguinte documentación:

- Copia simple do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
- Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia a desenvolver. (Anexo II)
- Declaración xurada, de non incorrer en causa de incompatibilidade ou estar inhabilitado. (Anexo III)
- Carné de conducir tipo B

BASE CUARTA.- ADMISION DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución no prazo máximo de un mes declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello de Vedra, e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de tres días hábiles seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos da Lei 39/2015.

Posteriormente, declararase aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na Sede Electrónica do Concello de Vedra, indicando o lugar, a data e hora na que se realizará a proba práctica.

BASE QUINTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por:

Presidente/a: Un/unha funcionario/a ou persoal laboral fixo.

Vogais: Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo.

Secretario/a: O secretario do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Suplentes: Funcionarios/as ou persoal laboral fixo.

A Mesa de Selección ten a facultade de resolver cantas dúbidas xurdan e tomar acordos correspondentes á consecución de criterios de puntuación obxectivos.

A Mesa de Selección non poderá constituírse nin actuar validamente sen a asistencia de máis da metade dos seus membros debendo estar presentes o presidente e o secretario. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións que se presenten ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

A Mesa de Selección cualificadora poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes.

A Mesa de Selección non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados establecerase unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

Os membros da Mesa de Selección deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade que convoca, cando neles concorran circunstancias das previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no artigo 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da Mesa de Selección cando se dera calquera das circunstancias establecidas no artigo 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

BASE SEXTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A Comisión seleccionadora realizará:

PROBA PRÁCTICA: Máximo de 10 puntos

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver en cada caso.

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 10 puntos. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e eliminatorio**.

Para superar dita proba será preciso acadar como mínimo 5 puntos.

A duración da proba práctica decidirá a comisión seleccionadora, segundo a proba que se estableza.

BASE SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

No caso de probas individuais, a orde de participación no proceso selectivo dos/as aspirantes iniciárase pola orde alfabética dos seus apelidos e nomes.

Das sesións que celebre a comisión seleccionadora o/a secretario/a levantará acta, onde se farán constar as cualificacións das probas das persoas aspirantes e das que se produzan.

BASE OITAVA.- SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

- Superarán o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, ordenadas segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de postos convocados.
- No caso de empate resolverase por sorteo.
- En ningún caso a Comisión seleccionadora poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo, e por tanto, aprobado maior número de aspirantes que o número de postos convocados.

BASE NOVENA.- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Terminada a cualificación de todo o proceso, a comisión seleccionadora publicará na Sede Electrónica do Concello de Vedra a relación de persoas aspirantes aprobadas pola orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de persoas aspirantes aprobadas, listaxe de reserva.

Dita listaxe de reserva terá efectos para a cobertura de renuncias e baixas, en relación coas contratacións vinculadas ao procedemento obxecto destas bases.

Esta listaxe de reservas terá vixencia ata a publicación de nova listaxe no seguinte proceso, se fose o caso.

Abrirase un prazo para a presentación das alegacións aos resultados acadados que se indicará cando se publique o listado de puntuación final. De non presentarse elevarase a definitiva a lista que se publicará na Sede Electrónica do Concello.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta do tribunal será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan a mellor puntuación, en número que non supere a dos postos obxecto da convocatoria.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non terse presentado as persoas aspirantes, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

A formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente.

BASE DÉCIMA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igual ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recorribles nos termos previstos na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección, fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativa, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

BASE UNDÉCIMA: INCIDENCIAS.

A convocatoria coas súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas ante a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgota a vía administrativa, poderá formalizar demanda, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Social correspondente, á que acompañará copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da interposición o resolución del recurso administrativo, segundo proceda, unindo copia de todo elo para a entidade demandada, en virtude do disposto no artigo 69.2 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social.

En canto ao non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello.

Vedra, 03 de abril de 2024

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA

Don/Dona....., con documento de identidade número e domicilio a efectos de notificación en.....
 CP.....Localidade..... teléfono..... e correo electrónico

EXPOÑO:

1º.- Que desexo participar na oposición convocada para cubrir dous posto de peóns de obras públicas (Grupo V) por quenda libre, baixo a modalidade de persoal laboral temporal a tempo completo durante catro meses, convocada polo Concello de Vedra, a través de publicación das bases no BOP e Sede Electrónica do concello.

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a miña solicitude un total de páxinas.

- Fotocopia compulsada do documento de identidade. (DNI, NIE, Pasaporte)
- Documentación esixida na base terceira.
- Declaración de non padecer enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impidan o desempeño das funcións propias do posto de traballo (Anexo II).
- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria. (Anexo III).
- Carné de conducir tipo B.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se admita para participar na oposición convocada para cubrir os citados postos.

Lugar e data:

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

ANEXO II.- MODELO DECLARACION XURADA

D. con DNI nº, teléfono,
 e domicilio a efectos de notificación en

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impidan o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que me inscribo no Concello de Vedra.

Vedra, de de 2024

Asdo.

ANEXO III.- MODELO DECLARACION XURADA

D. con DNI nº, teléfono,
 e domicilio a efectos de notificación en

DECLARACION EXPRESA

- Que non incorro en causa de incompatibilidade ou de incapacidade e de que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo, de calquera Administración Pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e non estar inhabilitado para o exercicio e desempeño de funcións públicas.
- (**No caso de ser nacional doutro Estado**): Que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Vedra, de de 2024

Asdo.